

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

16 e 17 de decembro do 2017

III ADVENTO



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *Que **veña Deus** á nosa terra*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe celebramos o terceiro domingo do advento, e facémolo coas ganas postas xa nos días que se nos aveciñan.

Non deixemos que o paso dos días afoguen as ilusións e as alegrías destas festas de encontro. Seguro que imos poder compartir con persoas que son un bo testemuño para nós, seguro que imos ter oportunidade de ser luz para alguén.

Así somos chamados polo mesmo Deus para ser, nós, as súas testemuñas na solidariedade con quen non ve respectados os seus dereitos fundamentais.

Queremos ter presente ao pobo no que nace e medra Xesús, un pobo que hoxe está enfrontado nunha paz ausente entre palestinos e xudeus.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

CANTO 🎵 *Que veña a luz ...*

Alguén se achega á coroa do advento

Monitor/a

Hoxe deixámonos alumear polas persoas que transmiten e son testemuñas de alegría:

agradecemos a laboura de quen pon un sorriso cando comparte cun veciño, cando dá unha man na parroquia, cando colabora en familia,

agradecemos a laboura de quen pon un sorriso cando colabora con organizacións que traballan no terceiro mundo,

agradecemos a laboura de todas as persoas que non se deixan levar pola rutina e o pesimismo, e son capaces de transmitir ilusión e esperanza.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *Que medre a luz ...*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos ás persoas que viven sen que sexan respectados os seus dereitos humanos fundamentais.

(silenzo)

Celebrante

Deus, noso Pai,
xa ves como o teu pobo
espera con fe o nacemento do teu Fillo. Encamiña
o noso corazón
cara á ledicia de tan grande misterio,
para que así celebremos a nosa salvación
cun espírito verdadeiramente novo.
Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina
por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario II – B páxina 9

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

CANTO N° 7 🎵 *Andarei na presenza*

SALMO

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 11*

EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO XOÁN**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, querendo preparar os camiños para acoller ao Xesús que ven a nós, damos razón da nosa fe diante dos demais dicindo

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que acompaña os nosos camiños na procura da dignidade para con todas as persoas por sermos a súa imaxe e semellanza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que se achega a todos nós, que nos convida a estar alegres pola súa boa nova, e que nos alenta a rachar con todas as rutinas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir cos de corazón esgazado e a loitar pola liberdade e a fraternidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade e terra na que o Señor fai saír os gromos da paz e fai xermolar as sementeiras da xustiza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Imos agora rezar a Deus, pero non vai ser so pedir, hoxe a nosa oración é tamén o noso compromiso por quereremos ser testemuñas de boa nova. Oremos dicindo*

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a

1. Rezamos coas persoas que traballan para que haxa máis pan, máis paz e máis xustiza, e agradecemos o seu testemuño. Oremos

2. Rezamos recordando as persoas que para nós teñen sido un apoio grande na vida, e agradecemoslle que non cansen de facer o ben. Oremos

3. Rezamos polas nosas familias, polos nosos veciños, pois con todos queremos seguir facendo irmandade cristiá nas cousas da vida de cada día, e agradecemos que sigan dando unha man. Oremos

4. Rezamos polos palestinos que non son libres na súa propia terra, desexamos paz para as súas vidas. Oremos

5. Rezamos polas persoas que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Oremos

Celebrante *Así queremos camiñar e facer camiños para a vida, que nunca nos falte a luz e o bo facer dos demais. Pedímolo por Xesucristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar un sorriso a pesares das dificultades da vida, cerca de quen é capaz de loitar con valentía por defender os dereitos de quen son tratados inxustamente, cerca de quen camiña na procura dunha Boa Nova que se fai realidade. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle

NOSO PAI QUE ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola paz e pola dignidade de todos os pobos. Que o Deus da paz nos alente a ser luz de Nadal.

CANTO 🎵 *Que veña a paz á nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos espertos e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós convidados a compartir este pan do Señor.

CANTO 🎵 *nº 58 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos.

Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar dignamente as vindeiras festas do Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Esperar NADAL é saber que Deus confía en nós e quere pórse nas nosas mans.

Esperar NADAL é rezar hoxe con palabras que nos sigan dando azos para poñer ilusións renovadas nas nosas vidas tantas veces cheas de rutina.

Esperar NADAL é non virar as costas ás persoas cansas no camiño. É esforzarse por dar unha man e deixarse dar unha man nun mundo en igualdade.

Que o Señor nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)